



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

“BASES PARA A CONTRATACION DE DOUS SOCORRISTAS

1.- Obxecto da convocatoria: O obxecto da presente convocatoria é a contratación de: DOUS SOCORRISTAS durante o prazo de tres meses.

2.- Período e modalidade de contratación: En consonancia coas Bases da Convocatoria da subvención concedida pola Excmá Deputación Provincial da Coruña, o período de contratación será de tres meses. **Modalidade: Contrato de obra ou servizo determinado a xornada completa: Socorrista en praia lacustre tempada 2016.**

3.- Sistema de provisión: Concurso- Oposición

4.- Retribucións: Novecentos euros mensuais (900€), nas que vai induída a prorrata de pagas extraordinarias.

5.- Requisitos xenéricos dos aspirantes:

- Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
- Posuí-la titulación seguinte: Titulación refexada no Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de formalización do contrato.

6.- Presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes nesta convocatoria será de cinco días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación de anuncio da mesma no diario La Voz de Galicia.

Os aspirantes achegarán a documentación xustificativa dos méritos que se valoran na convocatoria, así como a declaración de cumprimento das condicións establecidas na base quinta e o título de coñecemento da Lingua Galega, se procede. O xeito de xustificación dos méritos será mediante orixinal ou fotocopia compulsada da vida laboral, xunto con certificacións ou contratos que acrediten a índole dos servizos prestados, así como dos cursos realizados.

7.- Comisión cualificadora: Estará formada por:

Presidenta: D. Oscar Ferreiro Filgueiras

Secretario : D^a Ana Isabel Caaveiro Franco

Vogais: D^a Mercedes Torres de la Fuente

D. José García López

D^a. Isabel Carballo Rivera

Poderáse así mesmo nomear aos asesores que se considere oportuno para a celebración das probas.

8.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

Fase de oposición:

8.a) Proba práctica eliminatoria que terá o seguinte contido:

- 300 metros nado libre. Tempo máximo a empregar: 8 minutos

- 50 metros nado libre con material auxiliar máis 50 metros con remolque de compañeiro. Tempo máximo a

empregar: 3 minutos e 30 segundos.

Serán eliminados os aspirantes que non culminen a proba no tempo establecido, cunha puntuación total máxima da proba de 20 puntos, en función do tempo empregado.

A celebración desta proba será oportunamente anunciada aos aspirantes remitidos polo SEPE.

Fase de concurso:

8.1 Servizos prestados:

Servizos prestados como socorrista nalgún servizo de praias: 0,2 pto/mes ata un máximo de 1,5 puntos.

8.2 Cursos:

A) Cursos de protección civil, socorrismo e primeiros auxilios, impartidos por entidades oficiais:

Ata 20 horas/curso: 0,2 pto.

- De 21 ata 50 horas/curso: 0,5 pto.

- De máis de 50 horas/curso: 1 punto

B) - Cursos de Buceo e submarinismo, impartidos por entidades oficiais:

Ata 20 horas/curso: 0,2 pto.

- De 21 ata 50 horas/curso: 0,5 pto.

- De máis de 50 horas/curso: 1 punto

A puntuación máxima do apartado 8.2 será de 4 puntos.

8.b) Lingua Galega:

Para os aspirantes que non teñan acreditado a superación do Celga 3 ou equivalente, celebrarase unha proba de tradución directa ou inversa dun texto. A proba terá unha duración máxima de quince minutos, sendo cualificada como “apto” ou “non apto”. Os aspirantes serán convocados expresamente para a celebración da mesma.

9.- Proposta de contratación e Lista de espera: Cos aspirantes que obteñan a maior puntuación, a Comisión Seleccionadora fará proposta de contratación ao órgano competente. Elaborarase tamén, de consideralo a Comisión Cualificadora, unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación con aqueles aspirantes que a Comisión considere que, non acadando suficiente puntuación para seren propostos para a contratación, compoñan a mesma. Esta lista de espera poderá ser tida en conta en caso dalgunha baixa dos



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

contratados ou propostos para a contratación.-

10.- Presentación da documentación.- Unha vez publicada a lista de aprobados, os aspirantes seleccionados deberá presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Quinta, no prazo de tres días naturais, a contar desde a citada publicación.

Cumprido-los anteriores requisitos, polo Concelleiro Delegado procederase á formalización do correspondente contrato laboral de duración determinada”

As Pontes de García Rodríguez